

Proposta MOMENTUM IEGPS

CONTACTO DA INVESTIGADORA PRINCIPAL

correo e.: p.m.rodilla@iegps.csic.es

Teléfono: +0034 981-540237 (Despacho) // +0034 658905763 (Móvil)

LOCALIZACIÓN: Santiago de Compostela, Galicia, Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento IEGPS-CSIC-XuGa: <https://iegps.csic.es/>

CÓDIGO DO CONTRATO OFERTADO: MMT24-IEGPS-01

ÁMBITOS TECNOLÓGICOS OU CIENTÍFICOS: Humanidades Dixitais, Tecnoloxías de procesamento masivo de datos e información, Lingüística computacional, Minería de emocións.

ÁMBITO DE ESPECIALIZACIÓN NA BOLSA DE TRABAJO CSIC: Humanidades: 8901 - Desenvollos dixitais en Humanidades y Ciencias Sociales; 8901 - Lingüística y estudos cognitivos.

GRUPO DE INVESTIGACIÓN / IP: Grupo Historia social del poder desde la Edad Media (IP do grupo Dra. Amparo Rubio Martínez).

RESUMO DO PROXECTO:

O obxectivo principal é caracterizar e avaliar as técnicas de lingüística computacional existentes en minería de emocións desde fontes históricas. Que podemos extraer dos nosos *corpora* documentais que nos permita apoiar hipóteses históricas e realizar unha investigación máis humana desde as mesmas? Que reflicten sobre os autores os textos producidos? Realizaranse por tanto tarefas de estudo da estado da arte en lingüística computacional e minería de emocións (extracción de emocións desde texto), selección de *corpora* históricos documentais de interese, anotación e avaliación das técnicas sobre os corpus seleccionados, así como avaliación empírica con historiadores dos resultados obtidos. Ademais, o proxecto contempla a elaboración dunhas guías de uso en minería de emocións en contextos históricos.

PERFIL PROFESIONAL:

Requisitos mínimos:

- Titulación académica en filoloxía, lingüística, historia ou enxeñería informática. Neste último caso, debe demostrar proxectos previos en Humanidades e manexo de fontes documentais.
- Doutoramento relacionado coas Humanidades Dixitais.
- Dominio do español e inglés.

-Experiencia demostrable en programación, manexo e adestramento de grandes modelos de linguaxe (LLMs) en Humanidades.

MÉRITOS VALORABLES:

- Coñecemento de linguaxes de programación como Python, R, node.js ou similares para LLMs.
- Experiencia en creación, xestión, anotación e manexo de corpus lingüísticos e/o históricos en contextos dixitais. Publicacións científicas previas relacionadas coa temática.

QUE SE OFRECE:

O proxecto enmárcase nunha contorna investigadora profundamente interdisciplinar dentro das humanidades dixitais, cunha ampla rede xa existente de investigadores, centros e universidades traballando en proxectos na liña. O investigador postdoutoral accederá a un ambicioso programa formativo de 240 ECTS en 4 anos de duración que aúna metodoloxías de traballo e competencias tanto en investigación histórica e manexo de fontes documentais como en lingüística computacional (programación, análise etc.), e que inclúe ata 3 estancias curtas en centros de referencia nacionais e/o europeos.

Condicións do contrato:

Contrato indefinido de Investigador Postdoutoral asociado ao Proxecto MOMENTUM de 4 anos de duración de acordo á Ley de la Ciencia española. Salario anual bruto, véxase

<https://momentum.csic.es/wp-content/uploads/2024/07/CATALOGO-OPORTUNIDADES-MOMENTUM-ESP.pdf>

Inicio do contrato: antes do 31 de decembro de 2024.